

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 30 de decembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 2.º COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

4.1. Recursos humanos

4.1.1. Procesos selectivos

Resolución do proceso selectivo para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia

Por acordo da Mesa do Parlamento do 8 de xullo de 2019, convocáronse probas selectivas para o ingreso por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia e aprobáronse as bases reguladoras.

Con data de 19 de novembro do 2020 realízanse as dúas partes das que consta o primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo co seguinte resultado:

Aspirante	Puntuación 1ª proba	Puntuación 2ª proba	Puntuación Total 1º exercicio
Teodoro García Rodríguez	9,30	13,25	22,55 puntos
Marina Lorenzo Santalucía	10,20	3,00	13,20 puntos

O tribunal cualificador, na súa reunión do 16 de decembro de 2020, procedeu á valoración dos méritos do único aspirante que superou a fase de oposición, e de conformidade coa base 6.2.3 acordou a súa publicación, que se realizou no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* n.º 64, de 17 de decembro de 2020.

O aspirante dispuxo dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación no BOPG, para formular reclamacións, dirixidas á presidencia do tribunal cualificador. En escrito dirixido a este tribunal polo interesado (Rexistro nº 6646 do 18 de decembro de 2020) manifestou a súa renuncia a presentar ningunha alegación.

Por todo iso, á vista das puntuacións obtidas na fase de oposición e do concurso, que se detallan no anexo, o tribunal cualificador proponlle á Mesa do Parlamento como funcionario do corpo administrativo do Parlamento de Galicia a D. Teodoro García Rodríguez, por ter superado as probas selectivas.

Visto o disposto no artigo 39 EPPG.

Servizo de Persoal e Réxime Interior





A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

- 1.º) Resolver o procedemento selectivo para ingresar nunha praza do corpo administrativo Parlamento de Galicia, por promoción interna mediante o sistema de concurso-oposición, a favor do funcionario D.ª Teodoro García Rodríguez.
- 2.º) Comunicarlle este acordo ao interesado para os efectos de que cumpra, de ser o caso, o previsto nas bases reguladoras do proceso selectivo antes de proceder ao seu nomeamento como funcionario do citado corpo.
- 3.º) Comunicarlle este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2021

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior

Xosé Antón Sarmiento
Mendez, Letrado Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón Sarmiento Mendez,
Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé Antón
Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior,
email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2021.01.04 12:59:08 +01'00'

Servizo de Persoal e Réxime Interior





Asinado dixitalmente por:

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 04/01/2021 12:59:08

